



**EXCMO. CONCELLO  
DE  
BAIONA  
(PONTEVEDRA)**

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO  
PLENO DO CONCELLO  
O DÍA 3 DE FEBREIRO DE 2011**

ALCALDE: D. Jesús Vazquez Almuíña

CONCELLEIROS: D. Angel Manuel Rodal Almuíña  
Dna.Rosa Ana Marcote Guillén  
Dna.Maria Iglesias Fernández  
Dna. María de los Angeles Silva González  
Dna.Ana Simons Sánchez  
D.Jose Rodríguez Trigo  
Dna.Maria Jesús Martíns Passos (incorpórase á sesión ás 12,20 h.)

D. Manuel R. Vilar Marquez

D. Rafael Lores Rosal  
D.Manuel Rafael Estévez González  
Dna.Emilia Giráldez Ramirez  
Dna.Laura Miguez Pérez  
Dna. Teresa Perez Vieira

D. Xose Enrique Fernández Fernández  
D. Roberto C. Valverde Sabin

SECRETARIA: Dna.Susana Gallardo Fariña

INTERVENTORA: Dna.Rosa del Riego Santos

NON ASISTIU: D.Manuel A.González Marcote (PSOE)

---

Na Casa Consistorial de Baiona, a tres de febreiro de dous mil once, reúnense os señores ditos enriba, co obxecto de celebrar sesión ordinaria do Pleno do Concello en primeira convocatoria.

Sendo as doce horas, o Sr.Alcalde-Presidente declara aberta a sesión.

Pásase ó tratamento dos asuntos contidos na Orde do Día.

**1.- APROBACIÓN DEL ACTA ANTERIOR.**

**Acta de 13 de xaneiro de 2011.**

O Sr.Alcalde pregunta se hai algunha observación que facer á devandita acta, e non producíndose ningunha, fica aprobada por unanimidade a acta do día 13 de xaneiro de 2011.

**2.- DACION DE CONTA DAS RESOLUCIONS DA ALCALDIA.**

Os concelleiros dispoñen da relación das devanditas resolucións da Alcaldía.



**EXCMO. CONCELLO  
DE  
BAIONA  
(PONTEVEDRA)**

**3.- DACION DE CONTA DO INFORME DE INTERVENCION E TESOURERIA EN CUMPRIMENTO DO DISPOSTO NA LEI 15/2010 (OUTUBRO-DECEMBRO 2010).**

Polo Sr.Alcalde dáse conta da seguinte:

**PROPIUESTA DE LA PRESIDENCIA**

La Ley 15/2010 de modificación de la Ley 3/2004, de 29 de diciembre, por la que se establecen medidas de lucha contra la morosidad en las operaciones comerciales señala en su artículo 4.3: "Los Tesoreros (...) elaborarán trimestralmente un informe sobre el cumplimiento de los plazos previstos en esta Ley para el pago de las obligaciones de cada Entidad Local, que incluirá necesariamente el número y cuantía global de las obligaciones pendientes en las que se esté incumpliendo el plazo.

4. Sin perjuicio de su posible presentación y debate en el Pleno de la Corporación local, dicho informe deberá remitirse, en todo caso, a los órganos competentes del Ministerio de Economía y Hacienda, y en su respectivo ámbito territorial, a los de las Comunidades Autónomas que, con arreglo a sus respectivos Estatutos de Autonomía, tengan atribuida la tutela financiera de las Entidades Locales (...)".

Asimismo el artículo 5.4 de dicho texto legal señala: "La Intervención u órgano de la Entidad Local que tenga atribuida la función de contabilidad incorporará al informe trimestral al Pleno regulado en el ejercicio anterior, una relación de las facturas o documentos justificativos con respecto a los cuales hayan transcurrido más de tres meses desde su anotación en el Registro de Intervención y no se hayan tramitado los correspondientes expedientes de reconocimiento de la obligación o se haya justificado por el órgano gestor la ausencia de tramitación de los mismos.

El Pleno, en el plazo de 15 días contados desde el día de la sesión en la que tenga conocimiento de dicha información, publicará un informe agregado de la relación de facturas y documentos que se le hayan presentado agrupándolos según su estado de tramitación".

En consecuencia en cumplimiento del citado mandato legal esta Alcaldía eleva al Pleno los informes de Intervención y Tesorería a que hace referencia la Ley 15/2010, correspondientes ambos al periodo que media entre el 7 de julio de 2010, que fue la fecha de entrada en vigor de la Ley 15/2010 y el 31 de diciembre de 2010. Debiendo ser remitidos posteriormente a los órganos competentes del Ministerio de Economía y Hacienda y los de la Comunidad Autónoma que, con arreglo a la normativa autonómica, tengan competencia en la materia, de conformidad con lo previsto en artículo 4.4 de la Ley 15/2010.

**4.- APROBACION, SE PROCEDE, DO EXPEDIENTE DE CONSTRUCCION E EXPLOTACION DUN CENTRO MUNICIPAL DE BENESTAR E ACTIVIDADES ACUATICAS.**

O SR.ALCALDE cede a palabra á SRA.INTERVENTORA.

**SRA.INTERVENTORA.-** Se somete al Pleno para aprobación la licitación del expediente de contratación del Centro de Bienestar y Actividades acuáticas del Concello de Baiona, de conformidad con el proyecto técnico redactado por los arquitectos Rodríguez y Rivoira, y el estudio de viabilidad que en su momento se había presentado en el Concello y que se llevó a cabo por la Diputación Provincial. Se lleva a cabo la licitación mediante la concesión de obra



**EXCMO. CONCELLO  
DE  
BAIONA  
(PONTEVEDRA)**

pública, por un plazo de 40 años, del que 18 meses corresponden a la ejecución de la obra y 38 años y medio a la explotación del servicio. El presupuesto de ejecución material son cerca de 3.500.000 euros; y en este caso la empresa explota el servicio como prevee aquí la Ley de Contratos.

Una vez se apruebe este expediente se remitirá al BOP y al BOE para su exposición y para la presentación de las ofertas en un plazo de 30 días.

Destacar que entre los criterios de la licitación, aparte de las mejoras o posibilidad de variantes que pudieran ofertar las empresas, se tenía en cuenta también el plan económico-financiero que presentaran, la rebaja sobre las tarifas inicialmente previstas en el Pliego, y también las soluciones técnicas arquitectónicas presentadas.

**SR.RODAL, PP.-** Este es un punto muy importante, el Centro de Bienestar y Actividades acuáticas. Creemos que Baiona merece una piscina; la piscina mancomunada tiene muy buen funcionamiento pero creemos que para dar una buena calidad de vida a nuestros vecinos debemos tener una piscina y un spa, al igual que un gimnasio, ubicados en una zona céntrica de nuestro Municipio. Primero hablaremos de lo que implica la obra en sí, que en estos momentos de difícil economía, es una obra de 3.500.000 de euros; después, la ubicación: Los Tendales, ubicación muy céntrica porque entendemos que este tipo de instalaciones tienen que estar en zonas muy céntricas, como en este caso en los Tendales, casi anexa al Centro de Salud, donde está el campo del Aral, el Pabellón, la pista de skay, las áreas deportivas; y también creemos que es muy importante para el empleo puesto que este futuro Centro creará entre 40 y 50 puestos de trabajo, y estamos hablando de una explotación de 38 años y medio, los otros 18 meses (año y medio) será lo que es la construcción del edificio. También entendemos desde el PP que será muy bueno para el comercio puesto que muchos de los bajos de la zona de Tendales están deshabitados, no están siendo utilizados, y el movimiento de gente que este tipo de Centros conlleva y que van a realizar a esta zona su actividad deportiva ó de bienestar pues también supondrá que hagan mayor consumo en esa zona en la cual, repito, hay muchos locales sin habilitar; y sobre todo, como he dicho antes, por dar una buena calidad a los baioneses, en el área se ha visto el estudio de viabilidad, estamos hablando de un área en la etapa no estival de 60.000 posibles usuarios, Baiona, Nigrán, Gondomar, Tomiño y Oya. Para mí también es muy importante como Concejal de Turismo, en el apartado del SPA, la zona termal, para desestacionalizar, puesto que la mayoría de nuestros Hoteles están en nuestro Casco y no tienen la posibilidad de instalar un Spa para aumentar la demanda de clientes, por ello creemos que será un apoyo muy grande (con un sistema de bonos, imagino) para que nuestros establecimientos hoteleros demanden dentro de su oferta también el servicio de este Spa, y por ello recalco que es muy importante la ubicación céntrica de esta instalación, que tendrá 2.000 m<sup>2</sup>. útiles de superficie deportiva. Espero que todos apoyen esta propuesta. Muchas gracias.

**SR.LORES, PSOE.-** En principio é un tema importante, interesante, que Baiona se dote desta infraestructura. O grupo municipal socialista non estaría nunca en contra de facer este tipo de instalacións porque entendemos que son, como dicía o concelleiro do PP, interesantes para calquera cidade, para calquera Vila; e en canto á forma de contratación, tampouco o grupo municipal socialista está en contra das concesións a 40 anos, tampouco teríamos nada en contra deste sistema de explotación.

O que si nós temos en contra, e que non fai posible o noso apoio a este punto, é xustamente a ubicación; entendemos que esa sexa unha zona de vivendas, unha parcela que deberá dotarse de algo que para Baiona é unha carencia que son as vivendas sociais, vivendas a prezo taxado; de pouco vale ter unha piscina, ter boas instalacións no Centro, si despois non temos a opción de que a xente de Baiona poida ter acceso a unha vivenda digna no centro, tamén, do pobo; esa é a nosa condición que nos impide votar a favor deste punto. E é certo que o tema das vivendas sociais nestes momentos necesita certa revisión; podemos entender que si en Baiona hai unha serie de vivendas valeiras demandar nestes momentos a construcción de máis vivendas podería ser unha especie de absurdo, pasaríamos de ter 300 pisos libres a ter 340; nós nese aspecto queremos ser non digo críticos, pero si facer unha reflexión nestes momentos, que podería ser



**EXCMO. CONCELLO  
DE  
BAIONA  
(PONTEVEDRA)**

possible que incluso o PSOE cambiase ou dese un pequeno viro a esta situación; entendemos que pode haber outro tipo de actuacións que fagan posibles as dúas cousas; ¿qué pasa?, que nestes momentos, por parte do goberno municipal tampouco se deron os pasos para que esta carencia importante en Baiona teña unha solución a corto ou medio prazo. Polo tanto nós estamos nesa tesitura: por un lado nos parece oportuna esta instalación pero o que non podemos é cambiar unha piscina por unas vivendas sociais. Moitas grazas.

**SR.FERNANDEZ, BNG.-** Este proxecto que nos presentan aquí é sen dúbida ningunha o cumplimento dun pacto acordado antes de formalizar o goberno, e que por suposto o Sr.Vilar está no seu dereito de esixir que se poñan mans á obra, más que nada por se acaso o vindeiro 22 de maio queda fora de xogo, e quer facer valer unha das condicións más importantes que se puxeran encima de mesa á hora de que o Partido Popular en Baiona puidera disfrutar da maioría durante os 4 anos de goberno. En ningún caso nos extrana a actitude do Sr.Vilar, él soamente ten ollos para o núcleo de Baiona, toda a vida foi así; non nos extrana en absoluto; nin tampouco nos extrana a actitude do PP en seguir empeñado en privatizar servizos públicos; o leva facendo dende que goberna e o seguirá facendo durante todo o seu mandato; é así porque é a súa filosofía da política; creo que pretenden lucirse a conta do erario público e tamén dos seus veciños, non á conta da súa xestión.

Vostedes nos presentan aquí un proxecto cunha concesión privatizada a 40 anos, nun solar propiedade municipal, froito das cesións dos Tendais, e cando en gobernos anteriores se tratou de levar adiante a creación de 45 vivendas sociais; non foi posible naquel momento, e agora mesmo tampouco sería posible porque tampouco hai vontade inicial da Xunta de Galiza; non é vontade da Xunta crear vivendas sociais a prezo taxado; pero sí houbo un tempo cando o bipartito na Xunta de Galiza que se lle ofreceu a este Concello crear ahí 45 vivendas sociais e non se aceptou; se nos ofreceu a posibilidade de facer un combinado entre a piscina municipal e creación de vivendas sociais e tampouco se aceptou.

E si pode vir moi ben unha piscina a este Concello, Sr.Rodal, pode vir moi ben, unha piscina climatizada, con spa, como poñen aquí, pero estou seguro que a 45 familias de Baiona lle iría moito mellor ter un piso da súa propiedade; un piso a prezo taxado; un piso ó que podería ter alcance sen ningún tipo de problemas; non é así, podemos ir polos Tendais e ver cantidade de pisos baleiros, pero baleiros polo prezo elevado que teñen, non soamente nos Tendais senón en calquera punto deste Concello, e vostedes seguen na mesma teima: crear máis pisos que non están á altura económica do bolsillo de calquera veciño provocando que estes veciños se teñan que marchar a outros Concellos.

Eu, cando estaba facendo a exposición o Sr.Rodal e dicía que contaban con ter incluso usuarios da Garda, de Oia, de Tomiño, e do Rosal, me imaxino que se referirá a estes veciños que viven alí de Baiona, que teñen un baixo poder adquisitivo e que tiveron que marchar obrigados para alí porque era onde soamente puideron atopar vivenda, porque senón eu non sei qué contas fan os que fixeron o estudio de viabilidade e se o fan contando con estes Concellos porque a verdade é que a min as contas non me dan.

Tamén dixo que era bo para o paro, me imaxino que simplemente sexa pola construción da propia edificación, pero tamén si se construirán vivendas sociais tamén sería bo para eliminar o paro; e aparte sería bo para o comercio; do comercio falarei máis adiante.

Estudado o proxecto que vostedes nos presentan, isto de verdade que é un proxecto que se cae polo seu propio peso; eu non sei, Sr.Vilar, se vostede se deu conta da táboa de prezos máximos que veñen aquí; se isto se aproba tal cal, eu dudo moito da viabilidade deste proxecto; e lle vou a explicar porqué: collín simplemente unhas referencias, pero en canto ás tarifas que se presentan aquí as matrículas para adultos son de 35,21 euros, co IVA incluído; na piscina mancomunada de Ramalloa son de 33; é pouquiña diferencia, pero hai diferencia. As entradas á baño libre dos adultos van a ser de 3,94 (é o que pon na táboa, despois pode baixar, xa o sabemos, pero é o que pon na táboa), o que costa bañarse un adulto na piscina mancomunada é 2,70; 1,24 céntimos máis.

Pero nos abonos mensuais é onde está o xugoso da cuestión; un abono mensual para un adulto son 35,21 euros; un abono mensual na piscina mancomunada, 17,50: o dobre.



**EXCMO. CONCELLO  
DE  
BAIONA  
(PONTEVEDRA)**

Un abono mensual para un xóve entre 14 e 25 anos: 29,31; un abono mensual na piscina mancomunada, 7 euros; de 7 a 29 hai unha pequena diferenza.

O abono mensual familiar: 70,61 euros; cota na piscina mancomunada: 21,40; case 50 euros de diferenza cada mes. E o abono mensual de minusválidos e 3<sup>a</sup> idade: 21,05; cota mensual na piscina mancomunada, 13,13. Estes son prezos que poden comprobar, actuais; este documento, este papel, panfleto, o collín onte as 9 da noite na piscina mancomunada; estamos falando de dúas veces máis, e incluso tres veces más, no prezo. Díganme vostedes a onde van con este proxecto; a ver que veciño de Baiona se pode permitir o luxo de ir aquí, porque hai xente para a que é obrigado ir á piscina (por cuestiós de saúde, ou polas que sexan), qué familia de Baiona é capaz de soportar estes gastos; vostedes son os xestores da nulidade. Están facendo o mesmo co centro cívico de Sabarís, privatizando terreo público; privatizaron a xestión do Pavillón; o privatizan todo. Isto non é máis que fume de cara á galería; isto sáelle demasiado caro ós veciños; na época de crise na que estamos, Sr. Alcalde, isto é inasumible; polo tanto eu lles pediría que o pensaran mellor e que non cometan o erro de seguir privatizando servizos simplemente para que cando chegue a campaña electoral sacar un panfleto dicindo "fixemos, fixemos e fixemos"; non fixeron nada, fánno a conta do bolsillo dos veciños e veciñas; nada máis. Moitas grazas.

**SR.VILAR, CMÑ.**- Evidentemente o tema da piscina municipal nace dun acordo, iso é certo; pero un acordo racional, un acordo con sentido común; nunca houbo grandes discrepancias entre CMÑ e o PP, ou entre o Alcalde e eu cando falabamos deste tema; sempre defendemos dunha maneira clara e transparente que os Tendais xa están saturados de vivendas e creemos que é unha zona de servizos de primeiro orden xa que nela se atopan ademais do Centro de Saúde a zona deportiva do campo de fútbol de herba artificial coa súa pista de andar e correr, o aparcamento soterrado, a parada de autobuses, é unha zona céntrica; hai proximidade ó Pavillón de Deportes, ó Centro educativo de Covaterreña e ó Instituto, está ubicada equidistante de ámbolos dous centros; polo tanto entendemos que esa parcela é estratéxica para darlle a Baiona a instalación deportiva que necesita e que máis están reclamando os veciños, que é esta piscina; piscina que se complementa cun spa e con outros elementos actuais que a xente tamén está reclamando e que non ten a piscina de Ramallosa.

Ademais, defendemos este tema entre outras cousas porque a piscina mancomunada nestes intres está saturada, e cando unha instalación destas características está saturada hai que buscar unha alternativa. O Concello de Baiona é o primeiro do Val Miñor que presenta unha alternativa real para facer a piscina, e tamén contan as características do noso Concello; qué dúbida cabe que a piscina de Ramallosa ten proximidade cunha parte de Sabarís, con Belesar, en fin, que xoga un papel importante polo céntrica que está no Val Miñor; pero aquí, para o casco de Baiona, a zona do Burgo, Bahía, Baredo, incluso Oia, e para outras zonas, creemos que é un lugar estratéxico para realizar este tipo de instalacións.

En canto ó procedemento, hai que ser realistas e ver a situación na que nos atopamos; a Administración cada vez ten menos cartos para facer este tipo de obras, hai unha crisis que repercuta na obra pública e é moi difícil que a Administración nos dé eses cartos para facer este tipo de obras, entón hai que recorrer a estas concesións por 40 anos, período longo de tempo, que por certo sae cuns prezos controlados, pero eses son prezos máximos que está autorizado a pór o futuro concesionario; o futuro concesionario (esperemos que haxa xente interesada) poderá pór o prezo que queira, pero sempre sen pasarse destes máximos; estes son prezos razonables dentro do que é o costo que supón manter un servizo deste tipo; polo tanto a nós non nos parece relevante o análise que fixo o portavoz do BNG incidindo nos prezos; quizá o que nos parece máis importante é que esta concesión sexa viable, que se presenten empresas ás que lles poida interesar este proxecto; e para saber si se presentan empresas ou non, non hai máis remedio que sacarilo a concurso, e será a oferta e a demanda que ten o mercado quen diga sí ou diga non. De dicen que non, haberá un plan "B" para abordar este tema; eu sei que hai un Plan "B" e que se isto non da resultado pois o Concello terá os seus recursos; pero entendemos que todo o que sexa aforrarlle cartos ó Concello para inversión é positivo; pero afortunadamente Baiona é un Concello que está bastante saneado economicamente, sobre todo neso hai que



**EXCMO. CONCELLO  
DE  
BAIONA  
(PONTEVEDRA)**

felicitar ó equipo de goberno, ó Alcalde, ós servizos de Intervención, de Secretaría, por ter un Concello dos máis saneados de Galicia, e repito: haberá recursos chegado o momento.

Non obstante este é o camiño correcto; e evidentemente esta é unha decisión política; a nós politicamente non nos parecían ben as grilleras que se querían fazer ali; presentaron un tipo de vivendas que eran auténticas grilleras; que incluso se presentaron dúas opcións; opción A e opción B, cunha diferencia de pouco máis de 100 euros entre elas; de verdade que a nós aquel tipo de proxecto non nos parecía correcto porque os Tendais xa están saturados de vivendas e áinda se lle quería meter máis vivendas sen deixar nada para zona deportiva.

En canto ó que dixo o Sr.Fernández da posibilidade de compatibilizar vivendas, direille que analizamos o tema, este tema se contemplou e se mirou, é unha proposta que nós non deixamos no caixón; se mirou, se analizou, pero resultaba inviable; inviable porque unha instalación destas características non se pode compatibilizar con vivendas ó lado, na mesma parcela; unha instalación como esta necesita unha zona verde, necesita espazo libre de edificabilidade; e seguiuse esa liña, que é unha liña urbana de pór en valor un espazo que repito: está saturado, que é unha zona verde, que é unha zona de servizos que están reclamando os veciños. Nesa liña estamos; son os pasos que hai que dar; más difícil era facer o aparcamento dos Tendais e se fixo; más difícil era cando realmente xa había outro aparcamento no Concello, e sacouse adiante; polo tanto hai que ir por esta liña. ¿Qué ó final non resulta o Plan A?, habería que recorrer ó Plan B; pero nós somos optimistas e pensamos que éste é o camiño correcto, dentro da responsabilidade que ten que ter un goberno municipal; hai que administrar os recursos cada vez con máis tento porque efectivamente hai unha situación de crise e os ingresos cada vez son menores; esperemos que esta situación se aclare coa reforma que se está facendo no Goberno, coa visita de Angela Merkel, con todos estes temas cos que dalgún xeito se está intentando solucionar algo; e non quero facer política deste asunto porque sei que é un problema complicado e todos temos que estar implicados para intentar saír del.

Creo que os razonamentos que fixo o portavoz do BNG, con tódolos respetos, que sabe que llo respeito profundamente, non me parecen correctos; creo que o ideal sería aprobar este punto por unanimidade. En canto ós plantexamentos que fai o PSOE nestes intres me parece que están desfasados, e llo digo con tódolos respetos, porque fai uns anos podíamos falar da necesidade de vivendas de protección pero está demostrado que hoxe en día non resultou ese tema, incluso non saen adiante as vivendas de protección; penso que o lóxico é facer obra pública, pero obra pública nesta dirección, non construíndo vivendas porque xa existen cantidade de pisos baleiros, e en época de crise a xente tende máis ó aluguer que non a hipotecarse para comprar un piso; me parece que o ideal sería votar por unanimidade tendo en conta a racionalidade da nosa proposta.

**SR.RODAL, PP.-** Primeramente decirle al Sr.Lores que tiene razón, el Plan General de Ordenación Urbana del 94 contempla que este terreno del que estamos hablando vale para construcción de viviendas sujetas a algún régimen de protección pública; también es cierto que en el apartado c) pone que vale para actuaciones públicas dotacionales, sistemas generales u otras actividades de interés social, como es el caso que estamos hablando de la piscina.

Creo recordar que en esta legislatura anterior, en el Val Miñor, donde solamente se crearon viviendas sociales, ó se facilitó que las hubiera, fue en Baiona; ni en Nigrán, ni en Gondomar. En Baiona, como ustedes saben, en el PERI IV, se facilitó para que la cooperativa pudiese crear viviendas sociales, eso ustedes lo saben; y también en el PERI III se puso el terreno a disposición, lo que pasa es que como saben hace poco en un Pleno tuvimos que rescatar por 233.000 euros ese terreno porque la empresa no cumplía las cláusulas del contrato; por lo tanto, este equipo de gobierno sí piensa en las viviendas sociales.

Decirle al Sr.Fernández que siempre habla de privatización; sabrá usted que se acaba de inaugurar en Vigo, en la zona de la Florida-Coya, un complejo deportivo con un importe de 5.000.000 euros (éste es de 3.500.000) y es una concesión, y que yo sepa están gobernando el PSOE y el BNG; usted ahora me dirá que no le importa Vigo; y también otro complejo, el de Barreiro, que tiene 10.000.000 de presupuesto la construcción, y también va a ser una concesión.



**EXCMO. CONCELLO  
DE  
BAIONA  
(PONTEVEDRA)**

También comentó usted que hay un criterio actual de la Xunta de no hacer viviendas sociales; y yo le digo que creo que el Sr.Feijoo dijo que en momentos de crisis hay que recortar y que no podíamos hacer piscinas; ojala nos hiciese la piscina la Xunta, porque si nos la pudiera haber hecho respecto a lo que usted antes comentó de los precios pues sí podríamos tener unos precios más competitivos con la piscina mancomunada. Usted sabe que esa piscina (de la que muchos de los que estamos aquí somos usuarios) tiene unos precios sumamente tirados; son muy bajos; yo pago por el bono familiar 21,50; bono familiar; ¿sabe lo que es ducharse una familia en casa, tal y como está la tarifa eléctrica ahora mismo?, quiero decirle que son precios tirados.

Decir de la empresa concesionaria, que esperemos que se presenten varias para llevar esta explotación, que los 3,5 millones que decía antes la Interventora, si lo calcula más o menos a 38 años y medio de explotación, es 1 millón de las antiguas pesetas, o sea: 6.000 euros al mes. Obviamente los precios no pueden ser los mismos que en la piscina mancomunada; pero sobre por un tema, que es el spa. Si vieron el proyecto verán que no es un spa de cualquier centro de estética; es un señor Spa; el Centro de Barreiro, con ese importe, y el complejo deportivo de la Florida-Coya, tienen un centro Spa en condiciones como éste y por eso tienen tanta demanda; una gran demanda; de hecho creo que ya están todas las plazas cubiertas en el de la Florida; y en el de Barreiro creo que también; y esto ocurre por el spa; el spa es bienestar; ahora estamos en un momento de culto al cuerpo, bienestar, y eso es lo que se consigue con el spa; por eso, sobre lo que dijo de los bonos, recuerde que Ramallosa no tiene spa; y Ramallosa tiene una sauna para ambos sexos, no las tiene separadas, y tiene ciertas deficiencias; este proyecto está muy mejorado.

Creo que antes usted me entendió mal; en el tema de viviendas sociales usted habló de 45 familias (y me parece muy bien que la gente joven pueda acceder, con mejores precios, y lo entiendo), pero yo le estaba hablando (cuando usted habló del paro) de la construcción, de una inversión de 3,50 millones de euros, en 18 meses; pero le estaba hablando de una explotación, de 40 ó 50 personas que pueden trabajar ahí; o sea, en la piscina de Ramallosa trabajan entre 30 ó 40 personas fijas de plantilla; pues aquí trabajarían 40 ó 50 personas durante 38 años; no está mal ¿no?. Crear empleo para 40 o 50 personas no es equiparable a 46 viviendas sociales pero no está mal; usted hizo referencia a lo que le interesaba que eran los 18 meses de construcción.

Decir simplemente que ojala que los precios pudiesen ser más bajos, lo digo obviamente, viviendo en Baiona y como posible usuario de estas instalaciones; pero como bien dijo Manuel Vilar, estos son precios máximos dentro de lo que se ha visto de las puntuaciones para valoración; estarán todas las partes políticas implicadas en el Concurso; las mejoras son mejoras económicas y mejoras en el servicio; y esperemos que los precios puedan bajar pero obviamente nunca podrán competir con los de la piscina mancomunada que son muy inferiores por ese motivo. Y ojala que esta piscina la pudiese hacer el Concello, usted dirá que a lo mejor estos 3,5 millones los podría poner el Concello; pero no; no lo podemos hacer nosotros; por eso hay que ir a ese sistema, como le he comentado de esos 2 complejos de Vigo, que en total son 15 millones de euros, y lo han hecho así: por concesión; no queda otra en estos momentos. Muchas gracias.

**SR.LORES, PSOE.-** E normal que haxa diferencias de perspectivas e incluso de imaxinar cállá a Vila ou o espazo para vivir para uns grupos políticos e outros; neste caso creo que a diferencia entre o PSOE e CMN, e PP, está clara; nós entendemos que tódalas instalacións que se fan deben intentar, a Vila debe intentar, ter unha actitude integradora de tódolos veciños e veciñas (e non quero decir con isto que sexan segregadores, nin moi meno); nós entendemos que os espazos céntricos, que están no centro da Vila, deben estar, primeiro, adaptados para vivir; para vivir os veciños e veciñas de Baiona e todas aquelas outras persoas que teñan a ben vir a vivir connosco). Outros servizos, que parécennos imprescindibles, como pode ser a piscina, polo cal non temos nada en contra deste proxecto, son os que si poden ser periféricos.

Eu entendo o que dixo o Sr.Vilar que non lle gustaba o proxecto das grilleras, a mi tampouco; a mi facer grilleras non me gusta; o digo sinceramente. Penso que nestes



**EXCMO. CONCELLO  
DE  
BAIONA  
(PONTEVEDRA)**

momentos o tema da vivenda necesita unha reflexión; penso que o tema dos moitos pisos libres en Baiona, non só nos Tendais senón en tódalas zonas, necesita dunha reflexión dos poderes públicos e dos empresarios e chegar a algún tipo de conclusión de que eses pisos hai que habitálos; e si temos demanda, e si temos oferta, o que hai é que chegar a un acordo no que a oferta e a demanda podan ser factibles e que se poida dotar; tampouco está descartado o aluguer; o que dicía eu é que non había ningunha iniciativa política do grupo de goberno cara a ese tipo de necesidade. Posiblemente nestes momentos, como dí o Sr.Vilar, a construción deses bloques pois teña que ser revisable, posiblemente; eu non descarto, xa o dixen ó principio, non descarto que ese tipo de iniciativas nestes momentos e dada a situación, ao mellor necesitan unha reflexión e algún xiro ata onde teñen que ir as cousas; o que pasa é que o goberno municipal dá solución á piscina pero non dá solución á outra necesidade. Iso é o que nós non vemos neste momento; non hai outra solución a esas vivendas; debe ser prioritaria a construción de vivendas nos Tendais antes desta piscina. Como xa dixen varias veces, non nos gustaba que as vivendas de prezo taxado vaian á periferia, e temos falado de iso co Sr.Vilar e coincidía no sentido de que ese tipo de grilleras ou suburbios non se debe de facer; debemos procurar ter vivendas que estén integradas, e se poden estar integradas en varios edificios que non estén en un; se podemos chegar a un acordo de que cada vez que se constrúe un edificio en Baiona cada 2 pisos ou unha planta ten que ser de protección sería idóneo, porque así estaríamos integrando a toda a poboación nos espazos de residencia; iso era o que pretendíamos decir.

Digo eu dende miña experiencia, temos certa idade e pasou por nós algo máis que o tempo, que eu fun criado en vivendas sociais, en vivendas sociais segregadas, e sei non só como te miran os de fora, senón como se mira un mesmo; eu vivín nas Casas Sindicais famosas, onde estabamos convivindo 9 persoas en 40 metros; estabamos no extraradio da poboación; para chegar a casa e para ir ó Instituto tiñas que pasar un descampado con pozas e sen luz; non so era como te miraban os que estaban dentro da cidade, senón como nos sentíamos nós; o que quero decir é que para esa xente supón un esforzo moito maior que a integración; é unha cousa ideolóxica, creo que os poderes públicos deben favorecer sempre a integración dos veciños e veciñas e non permitir, dentro do posible, que exista ese tipo de segregación. E sei que por parte deste goberno non hai, por suposto, ningún espíritu de segregación; pero o que sí falta é esa intención de convivencia e de integración; polo tanto creo que é máis importante pensar nestes momentos en cómo poder integrar ós nosos veciños que en facer unha piscina, que non temos nada en contra dela, é máis: creemos que é unha instalación imprescindible; como dicía o Sr.Rodal, Baiona ten unha parte turística importante e entón hai que ter este tipo de infraestructuras; hai que telas; o que pasa é que non teñen porque estar nos Tendais senón está resolto o tema da vivenda de tódolos veciños. Creo que hai outras alternativas, pode haber moitas; e podería estar nos Tendais se conseguimos ter unha política de integración e de dar solución ó problema da vivenda, entón si que sería oportuno. Esa é a nosa reflexión e por elo vamos a votar en contra; non polo proxecto en si. Moitas grazas.

**SR.FERNANDEZ, BNG.-** Está clarísimo, Sr.Vilar, que facer ahí a piscina e privatizála é unha decisión política, iso ninguén o discute; tampouco ninguén discute que tódalas infraestructuras que se poidan crear sexan privadas ou públicas, a poder ser públicas, benvidas sexan; iso nós non o pomos en dúbida. Outra cuestión, como ben dicía antes, ó marxe xa do que fale dos prezos, é evidente de que nestes prezos vai incluída a recuperación da inversión da empresa, é evidente que ten que ser así, aquí ningunha empresa ven a estar disposta a facer de Caritas, a empresa ten que recuperar os fondos invertidos e ademais rentabilizálos, por iso aparecen unhas diferencias de prezos por exemplo no abono familiar de 21,40 en Ramalloa, a 70,61 en Baiona; claro, sae case o triple; máis do triple; porque hai que pagar as instalacións. E de isto sacamos unha conclusión, dicía antes o Sr.Rodal que o Sr.Feijoo dicía que en tempos de crise non se poden facer ese tipo de instalacións, e ten razón; tampouco se deben de facer inversiones como a do Gaias, onde centos de millóns de euros se seguen gastando, non se sabe aínda para qué; tamén hai que contemplar iso. Eu creo que hai prioridades, e a prioridade non é montar agora mesmo unha piscina; as prioridades é darlle onde meterse ás parellas de xente nova, e



**EXCMO. CONCELLO  
DE  
BAIONA  
(PONTEVEDRA)**

incluso xente maior, que non ten onde meterse porque o salario que gañan non lles dá para pagar ningún aluguer nin moito menos para pagar un piso que non sexa de promoción autonómica; non de protección, senón de promoción autonómica; e todos sabemos o que significa iso.

Polo tanto aquí hai encima da mesa dúas opcións: ou facer unha piscina, que vai resultar carísima porque cada vez que un veciño se bañe nela vai ter que pagar unha parte desa infraestructura, ou crear vivendas sociais, e poden ser vivendas de aluguer; e nós apoaremos que se fagan vivendas de aluguer.

E a min, dende logo, non me gustan as grilleiras, nin as de promoción oficial nin as de promoción privada, como se levan feito en Baiona, auténticas grilleiras; e agora más que nunca porque non hai nada que regule; botaron vostedes o proxecto do Habitat abaixo, a Lei do Habitat, e iso sí que é crear grilleiras, facilitar crear grilleiras. Polo tanto nós seguimos estando a favor de vivendas sociais.

Dicía vostede "non resultaba facélas", pero se hai unha lista de aquí a Santiago de xente demandante de vivendas sociais!, Sr.Vilar, vostede non se entera; vostedes non se enteran; segue habendo demandantes; vostedes, como destruíron a lista creen que non hai, pero seguen estando ahí; hai veciños de Baiona, xente nova, que se ten que ir a Tomiño a comprar un piso porque aquí non poden; e non poden facer vivendas nas parcelas dos seus pais porque o Sr.Alcalde ten o Plan Xeral a bo recaudo no caixón. Seguimos coa mesma política de sempre do PP.

Tamén dixo vostede que os Tendais están saturados; ¿porqué non pensou iso cando estivo dando licenzas ós promotores?; poido habelo pensado e dicir "señores, xa estamos saturados; non se poden facer máis". Mire, mentres a lei contempla que nesa parcela se poden facer vivendas, se poden facer, e punto, non hai máis que rascar.

Tamén dixo "máis difícil foi facer o aparcamento do Aral e se fixo"; a conta de eliminar prazas de superficie gratuítas; vostedes se encargaron de eliminar tódalas prazas de aparcamento que había nos Tendais, máis de 300 prazas, para que o estudio de viabilidade do parking do Aral, segundo o seu promotor en un pacto firmado con vostedes sen luz e sen taquigrafos (porque nos enteramos a través del cando denunciou) de que se comprometían a anular as prazas de aparcamento para que fora rentable o seu negocio; así de contundente foi na prensa; e vostedes non o desmentiron. Polo tanto, a ver de qué estamos falando, e si existe un Plan B, Sr.Vilar, deberá de ter vostede a cortesía de contarnolo; ¿qué se chama: Deputación, o Plan B?, ¿se chama Deputación?, porque en todo caso outra cousa non haberá pero cartos.., o Sr.Louzán sí que dispón; xa hai que vélo por tódala Provincia, onde lle interesa a él, evidentemente. Por certo Sr.Alcalde, non por parte da Deputación senón da COPTOPV: leva máis dunha semana a rotunda de Sabarís parada, ¿qué están esperando, a que veñan as eleccións e apurar un pouquiño máis e inaugurala?. Está parada, e vostede o sabe ben, como o Centro de Día e moitas cousas máis.

O Sr.Rodal dicía "foi o único Concello que creou vivendas sociais"; 17, porque xa non había volta atrás naquel momento; as outras 12 que había que crear se nos houberan feito caso e non lle deran a unha empresa privada a súa construción e adxudicación, xa estarían hoxe ocupadas como as 17 anteriores. Pero vostedes se empeñaron en darrle a unha empresa, propiedade por certo dun concelleiro do PP de Porriño, que xa sabía todo o mundo que estaba ó borde da quebra, e ó final houbo que recuperalo.

E me falou tamén de infraestructuras que se crearon en Vigo e que se privatizaron; mire, a mí non me conte nada de Vigo; a min cónteme do que pasa aquí en Baiona; eu son concelleiro de Baiona; o que pase en Vigo xa o resolverán os concelleiros de Vigo, e o que pasa en Nigrán, e o que pasa en Gondomar; nós estamos aquí para defender os intereses de Baiona e para iso nos elixiron os veciños; e ademais, para iso nos pagan tamén; porque todos cobramos, uns máis que outros, un salario cada mes; unha nómina; estamos todos en nómina. No me veña a facer comparacións, nin que este vai ter un spa, que por certo agora hai spas por tódolos lados; pero eu creo que a diferenza de pegarse un baño en Baiona que pode valer ó mes 70,61 euros para un abono familiar e que en Ramallosa vale 21,40, vai haber que pensalo; claro, depende da nómina que se teña. Eu xa vin tódolos prezos: prezo unitario, entrada libre adulto: 3,94 euros



**EXCMO. CONCELLO  
DE  
BAIONA  
(PONTEVEDRA)**

aquí e 2,70 en Ramallosa. Por certo, quen vaia ó spa terá que pagar ese luxo porque quer, pero hai xente que ten que ir á piscina porque ten problemas de columna, ou de reuma, etc., e vostedes o saben mellor que eu.

O Sr.Vilar rematou dicindo que non quer facer política, e ¿a qué vimos aquí, Sr.Vilar?; dixo vostede, está grabado no ordenador, que non quer facer política, e ¿para qué estamos os políticos?, ¿para facer churros?, estamos para facer política.

Isto me dá pé para decir, Sra.Simons, pois quérolle decir que cando queira falar co Sr.Fernández, procure que estéa diante; cando queira criticarme, eu accepto tódalas críticas que me poidan facer, de vostede, do Alcalde, e de calquera veciño; estou disposto a escoitala, creo que nunca lle dixen que non; o que non lle consinto nin a vostede, nin ó Alcalde, nin a ninguén, que se mezclen (xa llo teño dito moitas veces) as cuestións persoais coas políticas, e o que menos lle consinto é que vostede acorrale a miña muller ahí, nesa Sala, miseradamente, mezquinamente, vostede e o Alcalde, mezquinamente, contando con que eu non estaba diante; se quer facerme alguma pregunta fágama aquí e agora, diante de todo Dios e con micrófonos; se ten algo que dicirme a min, dígamolo á cara, non llo diga a terceiros; mire, eu coa súa nai nunca me metín, nunca; e coa súa señora, tampouco; e non lle consinto a ninguén que relate a miña vida pública coa miña vida privada; ¡sabe Dios que non llo consinto, e si o fan agarrense ás consecuencias!, non lle consinto; a crítica política a facemos entre nós, entre políticos; non entre a familia; e se vostedes tiveran un mínimo de dignidade volverían a convocalos ahí e lles pedirían desculpas, porque foron uns auténticos embaucadores, ámbolos dous, ¿correcto?; son vostedes uns auténticos embaucadores e uns sirvenguenzas por facer fascismo ....., que aínda esta semana utilizou os servizos de orden público como a Guardia Civil para tomalo datos dos pais e das nais do Colexio de Fontes para amedrentálos; iso é fascismo e mafia; son vostedes uns fascistas e uns mafiosos; iso é o que son.

Non me vai a facer calar nin vostede nin ninguén, Sr.Alcalde, e xa llo advirto, en público e aquí gravándose: que a ninguén se lle ocorra volver a meter a miña vida privada coa miña vida pública, nin meu ámbito familiar no laboral, ojito, eh, que non se mezcle, porque si eu entro no tema persoal (e non me gustaría) pode pasar calquera cousa; llo advirto.

**SR.ALCALDE.-** Amenazas, las justas; ponga las denuncias donde quiera.

**SR.FERNANDEZ, BNG.-** Coidado, Sr.Alcalde, ojito onde se mete, que son terras movedizas e se llas pode tragar. Polo tanto pido que nunca más volva a ocorrer unha circunstancia deste tipo; llo pido por favor; se ten algo que dicirme, o que sexa, no plano político: aquí, ou onde queira; sinverguenza será vostede, aparte de maleducada (*refírese á Concelleira de Urbanismo,Sra.Simons*), sirvenguenza e maleducada o será vostede, eu non; estou no meu turno de palabra, e non vou a acabar moi ben.

Polo tanto, Sr.Alcalde, unha vez deixados os puntos sobre as íes, e as cousas claras, por certo nunca o Sr.Vilar nin o Sr.Benigno fixeron tal cousa como a que está facendo vostede; iso tamén hai que dicilo; é o xusto; nada máis.

**SR.VILAR, CMN.-** A veces temos que calmar os ánimos; o que non hai que facer é política barriobaixera, iso é malo. E me dirijo a ti, Xose Enrique; cando falas "son vostedes uns mafiosos e uns fascistas", creo que te pasaches un pouquiño porque aquí o primeiro é que somos demócratas; Xose Enrique, con todo o cariño do mundo: somos demócratas, e non somos mafiosos, pero todos os que estamos aquí presentes; por iso creo que esa frase é un pouco desafortunada que se fixo no calor dun debate, creo que non tes necesidade de dicilas porque ó fin e ó cabo eres un político contrastado e non podes caer nestes errores; nestes errores de chegar aquí a un Pleno, onde estamos praticamente en familia, e chamar fascistas e mafiosos; non é así, aquí somos demócratas todos; e o Alcalde é un demócrata convencido e creo que a sui traxectoria o avala, non hai que pór en dúbida absolutamente nada. O que si hai que facer é unha política cible; e a política cible é aquela que se axusta á realidade; e te vou a decir unha cousa: efectivamente hai un Plan B, un Plan B que é positivo; e se ti na próxima



**EXCMO. CONCELLO  
DE  
BAIONA  
(PONTEVEDRA)**

Ilexislatura asumes responsabilidades de goberno (xa tiñas que estar sentando ou gobernando), e mires que non tes á Xunta, que non tes á Deputación, te direi cál é o Plan B; no suposto de que ti estiveras ahí, hai unhas eleccións e pode pasar de todo; entón loxicamente calquera alternativa vai encontrarse aquí, que non van a ter nin a Xunta nin a Deputación; entón te diré cál é o Plan B; incluso ao mellor posiblemente ten posibilidades de facer a piscina sen depender nin da Deputación nin da Xunta; afortunadamente. Polo tanto creo que estamos falando dun proxecto crible, dun proxecto serio e crible; e polo tanto non creo que podas ter dubidas.

Neste debate se fala de cousas distintas; no tema das vivendas teríamos que centrarnos cando sexa o debate do Plan Xeral, eu creo que o noso Plan fai unha ampla oferta, no que se expuxo incluso ó público, que non ten porqué variar gran cousa, da posibilidade de construír vivendas de promoción; ou sexa, que fai unha ampla oferta. Baiona é dos Concellos de Galicia que sempre estivo sensibilizado con este tema. Eu, sendo Alcalde (e non quero falar en primeira persoa) fixemos as vivendas de Escubichas; anteriormente se habían feito en Almirante Fontán, no Barrio da Anunciada; agora, con esta Corporación, se fixeron alí en Sabarís; creo que non hai ningunha dúbida de que Baiona é ún dos Concellos máis sensibilizados con este tema; incluso nós tiveramos unha reunión co Sr.Eudosio, cando tiña responsabilidade en Vivenda, que nos presentaran aquel famoso proxecto do BNG de facer vivendas sociais a toda costa, cando estaban o tripartito; nos dicía "non, non, vós facer aquí vivendas, e meter tódalas que fagan falta, porque o Plan Xeral os do PSOE non volo van a aprobar", "entón, metedes aquí", e nós lle dixemos "nós non queremos iso, nós o que queremos é que haxa vivendas repartidas por todo o Concello e avaladas co Plan Xeral"; efectivamente o Sr.Eudosio que mirou o tema, retirou este tema de Baiona; o mantiveron en Nigrán, e xa mire o que pasou; en Nigrán houbo manifestacións moi importantes contra os promotores desta iniciativa do Bloque; e creo que foi un fracaso tal como se pretendeu facer; e creo que as vivendas hai que facelas dentro do que é o Plan de Ordenación Municipal, e cando exista terreo ordenado poderá haber vivendas, xa sexa en Baredo, en Bahíña, en Sabarís, ou na propia Baiona, pero primeiro hai que planificá-lo territorio; ese é o camiño que nós seguimos, non é outro; o outro é facer política non crible, a iso me refiro eu; nós non queremos facer ese tipo de política; hai que facer política crible, política realista. ¿Vivendas de promoción autonómica?: maravilloso, iso é maravilloso, pero hai que mirar cál é o mercado, cál é a oferta que se fai, e Baiona é dos poucos Concellos nos que sempre se fixo ese tipo de política.

Sobre que os Tendais están saturados, eu digo: "pero iso é positivo"; os Tendais más que saturado está consolidado; o Plan Parcial dos Tendais non está saturado, está consolidado; e si se dixo a palabra "saturado" anteriormente ao mellor non era a más correcta; está "consolidado"; porque o triste é mirar zonas que non se consolidan, ¿ou non nos dá tristeza cando vamos por Sabarís e miramos esas vivendas que non saen adiante, que están ahí paradas?; iso é triste; incluso se parou a propia estructura alí onde está a rotonda de Santos Peralba, iso é o triste. Creo que cando unha urbanización está consolidada todos temos que sentir satisfacción.

Tamén se falou de inauguracións; dicir que creo que a nova Lei electoral vai a restrinxir moiísimo todo este tema. Aquí estamos para defender dos intereses dos veciños e, por favor, Xose Enrique, hai que tranquilizarse; hai que tranquilizarse porque aquí ninguén se mete con ninguén, e neste caso a ti te respetamos como político, se te respeta como empresario (a ti ou a túa familia), se te respeta; e se desexa, tanto a túa señora como a ti, que vaian ben os negocios; que por certo, as obras que se están facendo son para mellorar todo ese entorno. As veces queremos ser víctimas sen selo; creo que ahí te pasaches un pouquiño porque aquí, repito, todos somos demócratas. Moitas grazas.

**SR.RODAL, PP.-** No voy a entrar en lo que comentó el Sr.Fernández, no estoy involucrado y obviamente no voy a defender a mis compañeros porque tendrán que ser ellos los que opinen; imagino que el Alcalde podrá defenderse después; cada uno tiene que defender sus temas.

Yo solo quiero recordarle, Sr.Fernández, que a mí usted me citó una vez (a la Sra.Marcote y a mí), para decir que teníamos que pedirle perdón al AMPA del Colegio de las Arenas por la actuación que habíamos tenido; ustedes montaron un Cristo, ó fue el Sr. Roberto, en su



**EXCMO. CONCELLO  
DE  
BAIONA  
(PONTEVEDRA)**

momento, perdón; que teníamos que pedirle perdón, no se si lo dijo en prensa; pero creo que no así porque la actuación, como podrán ver, ha quedado de maravilla; ya ha llovido bastante, no se ha inundado nada, y están todos encantados; de hecho hablamos con el AMPA y están encantados.

En este tema estamos hablando de piscina, piscina, y piscina, cuando realmente esto es un Centro de bienestar, y el bienestar es calidad de vida; es un Centro de Bienestar, de calidad de vida, para todos los baioneses; para todos: para los del centro y para los de las parroquias.

Comentarle al Sr.Lores que no voy a entrar en el tema de las viviendas sociales de nuevo.

Sí decir que yo, como representante del PP, creo que es la parcela idónea para esta instalación, porque los servicios comunitarios municipales deben estar céntricos. Si en Ramalloso, Sr.Fernández, como usted decía, la piscina mancomunada funciona, es por los precios y por su ubicación, está muy bien estudiada. También el Centro de Salud creemos que se ubicó en una zona muy importante: en el centro de Baiona; cerca de la parada del autobús, y donde hay aparcamientos; el campo de fútbol del Aral tiene tanta demanda también por su ubicación; por lo tanto entendemos que no tendría mucho sentido que la piscina se instalara en otro lugar, sin menospreciar que estuviese en Baredo, ó en Belesar, ó en otra zona; entendemos que tiene que estar en la zona más céntrica, por servicios, por parada de autobuses, por aparcamientos, etc. Entiendo que los servicios comunes deben estar céntricos; y ojala que las viviendas sociales, aunque puedan estar en otras zonas, también estuviesen estar en sitios céntricos; son servicios de primer orden, que disfrutan todos; antes hablaban de "grilleras" de 46 o 45 familias, pero aquí estamos hablando de que por la piscina de Ramalloso pasan todos los días 1.000 personas, mucha gente, y esperemos que aquí sea lo mismo o más, con esto quiero decir que es un servicio mucho más utilizado por la gente y por lo tanto entiendo que todo lo que tenga tanta demanda debe estar más céntrico.

Creemos que es el emplazamiento idóneo, y que las bases son correctas, ustedes entrarán también en el concurso; y esperemos, como ha dicho el Sr.Vilar, que se presenten muchísimas empresas; y también esperemos que en el siguiente punto del Orden del Día el tono de voz sea un poquito más bajo que anteriormente. Muchas gracias.

**SR. ALCALDE.-** Simplemente decir que el equipo de gobierno va a tratar de hacer lo que ha hecho siempre: tratar de mejorar los servicios para todos los baioneses y para aquellos que nos visitan; y en este caso entendemos que una infraestructura con piscina y spa en estos momentos es muy importante, de hecho se están haciendo en muchas ciudades. Baiona tiene una serie de privilegios y entendemos que éste es uno de ellos.

Decir también que por sensibilidad en cuanto a las viviendas de protección, próximamente vamos a sacar el terreno del PERI III también para ello, que por cierto, desgraciadamente el problema que hay ahora no es un problema de Plan General, es un problema de que no hay crédito para los posibles usuarios de esos pisos. Además vamos a contemplar en ese PERI III no solo viviendas en propiedad sino viviendas en alquiler, respondiendo un poco a la demanda que hay en estos momentos.

Creo que somos plenamente sensibles a todas las demandas y entendemos que debemos buscar el equilibrio entre infraestructuras y viviendas, para tratar de hacer un Concello vivible. Desde luego creemos que no sería razonable coger zonas verdes y decir que en ellas vamos a edificar viviendas de protección ó de promoción pública. Creemos que hay que buscar ese equilibrio; que Baiona tiene un gran poder de atracción de gente precisamente por ese equilibrio que guarda entre el medio ambiente y lo que es la urbanización, y entendemos que entre todos debemos mantenerlo.

Y sobre la reunión, simplemente voy a decir unas palabras; de la reunión de Carabela Pinta; a mí me gustaría que quienes hablaran de esa reunión fueran los presentes, todos los presentes, y en este Pleno donde estamos ahora creo que solo hay 3 personas de las allí presentes; me parece que estaban Rafa, Ana, y el que les habla. A mí me gustaría que Rafa dijera si vio algún comportamiento de coacción, de chantaje, en alguno de los casos, de unos ó de otros; o que



**EXCMO. CONCELLO  
DE  
BAIONA  
(PONTEVEDRA)**

pudiera explicar lo que fue una reunión de información y de llegar a acuerdos en temas muy concretos.

**SR. ESTEVEZ, PSOE.-** El inicio de la reunión quizá no fue un intercambio afortunado entre la Concejala de Urbanismo y tu mujer (*refírese á esposa de Xose Enrique Fernández*); creo que fue algo muy poco significativo y se retomó la reunión enseguida, con muy buen puerto, con la exposición del Arquitecto, con los empresarios (yo estaba allí por eso), y creo que no fue nada hiriente ni que pasara nada especial para que alguien se pudiera sentir ofendido. El inicio, los primeros segundos, fueron desafortunados para ambas partes, pero se retomó en seguida la reunión y fue todo muy cordial. Muchas gracias.

**SR. ALCALDE.-** Me gustaría agradecer esta intervención del Sr. Estévez porque creo que el espíritu de una reunión es ese: informar; y desde luego, jamás, por parte de este Alcalde ni de su equipo de gobierno, se va a maltratar a ningún vecino de este pueblo, sea quien sea; lo que sí tratamos es de dar información, y de recoger. Creo que fue muy interesante porque pequeños detalles que a veces se van agrandando por no darles solución quedaron sobre la mesa, se trataron, se explicaron, y creo que fue una reunión especialmente interesante; incluso se alargó en su hora de finalización porque había un ambiente de tratar de resolver problemas, que es para lo que estamos aquí, para eso.

---

**Polo Sr. Alcalde procédese á votación do presente punto, resultando: 9 votos a favor (8, PP, 1, CMN), e 7 votos en contra (5, PSOE, 2, BNG).**

E por isto que o Pleno da Corporación, por mayoría, **ACORDA:**

**Primeiro.-** Aproba-lo expediente de contratación de concesión de obra pública de construcción e explotación dun **CENTRO MUNICIPAL DE BENESTAR E ACTIVIDADES ACUÁTICAS DE BAIONA** cun prazo de duración de corenta anos con procedemento abierto a oferta economicamente más vantaxosa con varios criterios de adxudicación.

**Terceiro.-** Aproba-los pregos de cláusulas administrativas particulares, anteproxecto de explotación, Proyecto básico redactado polos arquitectos RODRIGUEZ Y RIVOIRA e prego de prescripcións técnicas que rexerán o contrato.

**Cuarto.-** Abri-la fase de licitación do contrato mediante a inserción do anuncio no, BOE, DOG, BOP e perfil do contratante para que no prazo que se sinale no anuncio de licitación os licitadores poidan presentar as súas propostas.

---

**5.-APROBACION, SE PROCEDE, DA MODIFICACION DO REGULAMENTO ESPECIAL DE PROTOCOLO E CERIMONIAL DO EXCELENTISIMO CONCELLO DE BAIONA.**

O Sr. Alcalde cede a palabra ó **SR. RODAL, PP**, quen da conta da seguinte: "**PROPOSTA DA MODIFICACIÓN DO REGULAMENTO ESPECIAL DE PROTOCOLO E CERIMONIAL DO EXCELENTÍSIMO CONCELLO DE BAIONA.- O Pleno do Concello de Baiona en data 6 de marzo de 2006 prestou aprobación o Regulamento Especial de Protocolo e Cerimonial do Excelentísimo Concello de Baiona e que foi publicado no BOP de Pontevedra número 159 de data 21 de agosto de 1006.**"

**SR. RODAL, PP.-** Se harán algunas modificaciones e incorporaciones. El punto 5º de la propuesta dice: "**Lazo de Honra.- Esta distinción concederáselles a aquellas persoas,**



**EXCMO. CONCELLO  
DE  
BAIONA  
(PONTEVEDRA)**

*asociacións ou entidades que realicen unha labor relevante no campo das artes e das letras, sempre que na súa obra se citen ou exalten aspectos que lle afecten ao Excelentísimo Concello de Baiona. O seu distintivo será un lazo coas cores do Concello, sostendo o escudo con esmalte.*"

Sí se incorpora el Galardón General del Aire Santos Peralba, con carácter trianual; después la Carabela de Oro, que tampoco estaba incorporada, y que se había asignado en el año 2005 a Miguel de la Cuadra Salcedo; y en el 2006 a Oscar Pereiro, como gallego, de Mos, y por ganar el Tour en esa edición, y también porque veranea en Baiona, puesto que la Carabela de Oro se otorga a gente que potencie ó divulge Baiona tanto aquí como sobre todo en el exterior, cosa que él hace.

En el año 2007 no asignamos esta Carabela de Oro; en el 2009 se le asignó al compositor Julio Mengod, gran compositor y que junto con su familia, y su hija, la actriz Verónica Mengod, son unos grandes divulgadores de Baiona y embajadores de nuestro Municipio allí a donde van; y en la última edición, en el 2009, se lo entregamos a la actriz viguesa, pero que tiene su corazón en Baiona, María Castro; una chica que tiene un gran potencial, y siempre donde se la pueda ver habla de Vigo, su tierra natal, pero también menciona a Baiona, lo que para nosotros es un gran honor y un papel, a nivel turístico, impresionante. La Carabela de Oro se basa en todo eso, y por ello es otorgada a cualquier persona, natural ó no de nuestro Municipio, por su trayectoria en el campo de las artes, cultura, ó deporte, que tenga un vínculo con Baiona y que venda Baiona allá en donde esté.

El punto 9 señala.- *"Atribución de nome, rúas, prazas, parques, xardíns ou calquera tipo de instalación pública. Esta distinción outorgáráselle a calquera persoa, natural ou non do municipio, entidade, asociación cuxa actividade ou traxectoria estéa ligada á illa de Baiona"*. Este punto complementará este Reglamento Especial de Protocolo y Ceremonial.

Dicir que en la reunión no estaba el Sr.Valverde, pero el PSOE dió su voto positivo.

**SR.LORES, PSOE.-** Mantemos o voto positivo da reunión.

**SR.VALVERDE, BNG.-** Como dicía o Sr.Rodal, antes de nada quero disculparme aquí (xa o fixen naquel momento diante do Alcalde) por non poder chegar á hora prevista a esa Comisión; temas laborais o impidieron; ademais me parecía que era unha Comisión interesante posto que se levaban a debate as modificacións do Regulamento, que precisamente solicitara eu xa fai 2 anos, que se empezara a estudiar este tema de poder regulalo, ter unhas bases para este tipo de recoñecementos a distintas persoas do noso Concello, ou de fora, que divulgan o noso Concello polo país adiante. Así tamén quero agradecer a solidariedade coa que a Secretaría me enviou o anterior Decreto e que ipso facto apareceu, foi interesante analizalo; tiña todo estudiado pero me foi imposible poder chegar a tempo; como xa lle comentou telefonicamente ó Alcalde, o noso sentido é positivo, é dicir, eu coido que é bo que isto este regulado, que este recollido, porque así todos sabemos a qué nos temos que acatar cada vez que se conceda algún galardón, así como incluso ter a posibilidade de propoñer distintos persoeiros para distintos galardóns; temos agora regulado cáles son os fórmulas, cáll ten que ser o número de membros da Corporación, cantas sinaturas para poder presentarse; en fin, coido que é algo positivo.

Tamén incidir en que nesta Comisión praticamente tódolos puntos que se levaron foron aprobados por unanimidade, a excepción de algún, que é xustamente o BNG, que votou en contra, por criterio, por ideoloxía, ou polo que foxe naquel momento. Coido que foi unha Comisión que en principio ten os pés na terra, que sabe moi ben o que se debate, estase aprobando todo por unanimidade, e neste punto loxicamente vamos a seguir apoando por unanimidade, tamén a aprobación deste Regulamento.

Incidir en que sega habendo ese bo tono; e facendo un pequeno inciso no punto anterior dicir que coido que o Concello de Baiona ten unha Corporación que se leva excelentemente, tódolos partidos, a diferencia do que pode ocorrer no resto de Concellos, sobre todo limítrofes. Entendo que esa cordialidade debe seguir. Todos nos trabucamos nalgún momento, polo calor do debate, polas circunstancias, podemos meter a pata; eu mesmo a metín sen ser concelleiro estando



**EXCMO. CONCELLO  
DE  
BAIONA  
(PONTEVEDRA)**

sentado nesas sillas un día; no seu momento se rectificou, se pediron escusas, e punto; non pasa nada, calquera nos podemos equivocar nun momento dado. Do que si temos que ser conscientes é de que cometemos errores a veces, todos, pero que esa armonía que existe debe seguir manténdose; iso é positivo para os veciños e para a propia Corporación.

**SR.ALCALDE.**- Agradezo especialmente as palabras de Roberto; me olvidei de comentar que falaramos telefónicamente xusto antes da Comisión e me dixera que non podía vir pero que estaba de acordo, e tamén é certo que se falou en Comisiones anteriores que había que tratar de incluir estes galardóns que estaban fora do Regulamento. Creo que o espíritu é claro e agradezo tanto o traballo ata agora de todos estes días que tivemos as Comisiones como a actitude de todos; é unha actitude positiva de tódolos membros, e desde logo, remarcando iso precisamente, dicir que creo que esta é unha Corporación modelica e que debe ser así; o demás leva a situacións incluso persoais complicadas; penso que todos estamos de acordo; e dicir que non só neste mandato, senón no anterior, a Corporación de Baiona é un exemplo para moitos Concellos. Moitas grazas.

**SR.VILAR, CMÑ.**- Estamos a favor sen ningunha dúbida.

**SR. RODAL, PP.**- Agradecer a todos su postura, y comentarle al Sr. Valverde que agradezco sus palabras. Como decía antes al Sr. Fernández, realmente esto es política, pero este Comité de Distinciones y Honores pues sí funciona. Pedirles disculpas cuando, por parte mía, en una edición de la entrega de la Carabela de Oro no les hice mención tanto al Sr. Lores como al Sr. Valverde para que estuvieran con nosotros en aquel acto; ya se lo dije en su momento. El ambiente que hay en esa Comisión es muy cordial. Muchas gracias por sus palabras.

**SR.ALCALDE.**- Grazas a tódolos membros do Pleno; coido que as cousas se poden traballar, discutir, e logo chegar a acordos beneficiosos para tódolos veciños. Moitas grazas.

---

Sometido a votación polo Sr.Alcalde o presente punto, resulta aprobado por unanimidade.

---

**Polo cal, o Pleno, por unanimidade, ACORDA:**

**PRIMERO.-** Aprobar inicialmente a modificación do REGULAMENTO ESPECIAL DE PROTOCOLO E CERIMONIAL DO EXCELENTÍSIMO CONCELLO DE BAIONA.

**Modificar o artigo 2. Príncipio de supletoriedade deste Regulamento.**

Esta norma será de aplicación con carácter supletorio, xa que en caso de que concorran autoridades do Estado e da Comunidad Autónoma de Galicia serán de aplicación, como norma xeral, o Real decreto 2099/1983, que é a normativa estatal vixente; a Lei 11/1998, do 20 de outubro; e o decreto 83/2009, do 21 de abril polo que se fixa a Estrutura Orgánica de los departamentos da Xunta de Galicia ou normativa que a substitúa.

**Modificar o artigo 20 do Regulamento**

**5.- Lazo de Honra.**- Esta distinción concedéraselles a aquellas persoas, asociacións ou entidades que realicen unha labor relevante no campo das artes e das letras, sempre que na súa obra se citen ou exalten aspectos que lle afecten ao Excelentísimo Concello de Baiona. O seu distintivo será un lazo coas cores do Concello, sostendo o escudo con esmalte.  
(...)



**EXCMO. CONCELLO  
DE  
BAIONA  
(PONTEVEDRA)**

**7.- Galardón General del Aire Santos Peralba:** Esta distinción, con carácter trianual, outorgáraselles a personalidades ou entidades que contribúan ó coñecemento e desenvolvemento da aviación ou presten servizos relevantes á sociedade a través da aviación. O premio consistirá nunha placa onde no seu marxe superior esquierdo figura o escudo do Concello de Baiona e na marxe superior dereita un debuxo co busto do Xeneral Santos Peralba. Xunto coa placa farase entregada dun diploma acreditativo da concesión do galardón.

**8.- Carabela de Ouro:** Esta distinción outorgaráselle a calquera persoa, natural ou non do municipio, que pola súa traxectoria profesional no campo da cultura, deporte, arte, etc., contribúa a divulgar a vila, fóra de nosas fronteiras. O distintivo é unha medalla de ouro de 18 quilates coa Carabela Pinta grabada en esmalte a fogo, de 4 centímetros de diámetro, que penderá dunha cadea de ouro de similares características.

**9.- Atribución de nome, rúas, prazas, parques, xardíns ou calquera tipo de instalación pública.** Esta distinción outorgaráselle a calquera persoa, natural ou non do municipio, entidade, asociación cuxa actividade ou traxectoria estéa ligada á vila de Baiona.

**Engadir ó Regulamento os seguintes artigos 21 e 22 e 23**

**Artigo 21.- REXIME XERAL DE TRAMITACIÓN DAS DISTINCIÓNS HONORÍFICAS.-**

1.- Toda distinción para ser concedida deberá acreditarse mediante a instrucción do correspondiente expediente que poderá incoarse:

- a) De oficio a petición dun tercio do número legal de membros da Corporación.
- b) Por pedimento dun 20 por cento das asociacións inscritas no Registro Municipal de Asociacións.
- c) Por solicitude de trescentos/as veciños/as residentes maiores de idade inscritos/as no Padrón Municipal de Habitantes.

2.- No acordo inicial ou nos escritos das entidades ou veciños/as a que se refire o número anterior, expresaranse concretamente os feitos ou circunstancias que deban ser obxecto do expediente, a persoa ou entidade que deba ser galardoada e a clase de honor ou distinción que pretendan que lle sexa concedida, con base nos merecementos contraídos co Concello de Baiona.

3.- Aos expedientes que se incoen con motivo de canto se prevé neste Regulamento achegaranse cantos datos ou antecedentes posúe o propio Concello, en relación co obxecto con que os promovan, e practicaranse cantas diligencias sexan precisas para que os feitos queden completamente acreditados.

4.- O expediente completo someterase á Comisión de Honores e Distincións do Concello de Baiona que emitirá ditame a proposta na que lle proporá ó Pleno conceder ou denegar a distinción.

5.- A resolución que proceda será adoptada polo Pleno da Corporación sendo preciso un quórum de maioría absoluta do número legal de membros que integran a Corporación.

**Artigo 22.- TRAMITACIÓN E RESOLUCIÓN DO GALARDÓN SANTOS PERALBA.-**

1.- Resolución e Publicidade. – O Galardón concederase polo Pleno da Corporación que, traloditame da Comisión de Honores e Distincións, ratificará o fallo do xurado.



**EXCMO. CONCELLO  
DE  
BAIONA  
(PONTEVEDRA)**

**2.-Tramitación** .-O ano coincidente coa concesión do Galardón o Sr. Alcalde-Presidente do Concello de Baiona designará ós membros do xurado consonte o sinalado na cláusula cuarta e invitará ós mesmos para que, no seu caso, no prazo de tres meses remitan á Secretaría Xeral do Concello de Baiona en sobre pechado unha proposta de posible candidato á concesión do premio.

No prazo de quince días seguintes á finalización dos tres meses o Secretario do Xurado procederá á apertura dos sobres, emitirá certificado sobre as candidaturas propostas e remitirá ós membros do xurado copia da documentación de cada unha das candidaturas. No mes seguinte o Sr. Alcalde-Presidente convocará ó xurado para súa constitución e deliberación das candidaturas ó obxecto de emitir proposta de concesión do galardón.

Unha vez emitido o fallo do xurado o Sr. Alcalde-Presidente determinará a data na que terá lugar o acto público de concesión do galardón e someterá a proposta á Comisión de Honores e Distincións para posteriormente elevar ó Pleno da Corporación a ratificación do fallo do xurado e adopción do acordo de concesión do galardón.

**3.-** O xurado constituirase co exclusivo propósito de outorgar o "Galardón Xeneral do Aire Santos Peralba", e estará composto por:

- a. Presidente.- O Sr. Alcalde do Excmo. Concello de Baiona
- b. Un concelleiro de cada un dos grupos municipais do Excmo. Concello de Baiona.
- c. Un representante do Exército do Aire que será designado polo Gabinete do Xefe de Estado Maior do Exército do Aire.
- d. Unha persoa de Baiona, relevantes no ámbito cultural ou institucional co municipio de Baiona que designe o Sr. Alcalde do Excmo. Concello de Baiona.
- e. Unha persoa de recoñecido prestixio relacionada coa Aviación Civil.
- f. Un membro da familia de "Xeneral do Aire Santos Peralba"
- g. Actuará como secretario, o Secretario General da Corporación ou funcionario en quien delegue (actuará con voz e sen voto)

4.- O acordo de concesión do Galardón adoptarase por maioría dos membros do xurado. As deliberacións e votacións do xurado regularanse conforme ás normas legais sobre funcionamento de órganos colexiados segundo o previsto na Lei 30/92, do 26 de novembro, de bases de réxime xurídico das Administracións Públicas e Procedemento Administrativo Común.

**ARTIGO 23.-**

As distincións conferidas polo Concello de acordo co preceptuado inscribiranse no Libro de Honra do Concello de Baiona mediante extracto detallado referente a persoa a que se lle confire o honor ou distinción, a data da concesión e a clase de galardón, e ademais diso, cada distinción en particular cos datos sinalados publicaranse no Boletín Oficial da Provincia no momento de concederse.

**SEGUNDO.- Someter a ordenanza a exposición ó publico polo prazo de 30 días a través de inserción do anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra e o taboleiro de anuncios do concello.**

**6.- MOCIONS.**

**- MOCION DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG RELATIVO O COLEXIO PUBLICO DE FONTES.**



**EXCMO. CONCELLO  
DE  
BAIONA  
(PONTEVEDRA)**

**SR.FERNANDEZ, BNG.**- Ante todo decir que esta é unha Moción, como tódalas que presentamos, de carácter político exclusivamente, única e exclusivamente político.

**MOCIÓN DE URXENCIA DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG O PLENO DO CONCELLO DE BAIONA**

O pasado 27 de decembro o Colexio Público de Fontes tivo unha avería na caldeira da calefacción que foi detectada polos servicios de mantemento e trasladado ao Concello a través dos operarios.

A pesares de que o persoal docente se topaba de vacacións, o persoal municipal dependente dese Centro si deberá ter coñecemento, así como os responsables políticos. En todo caso, o día 11 de xaneiro, no Consello Escolar púxose de manifesto a situación da devandita caldeira e a urxencia da sua reparación.

A representante municipal no Consello Escolar Sra.Ana Simons, supomos que trasladaría a información oportuna á Conselleira responsable de Educación Sra.Rosa Ana Marcote.

Despois da exposición feita non ten xustificación que ata o día 2 de febreiro non estivese en servizo novamente a calefacción.

Non é a primeira vez que este Colexio sufre os despropósitos deste equipo de goberno, pero si é a primeira vez que os alumnos teñen que deixar de ir a clase pola incompetencia dunha Conselleira que unha vez máis non estivo á altura das circunstancias, que non foi capaz de buscar unha alternativa que aminorase a situación insostibel que sufriu toda a comunidade escolar, unha Conselleira que puxo de manifesto o abandono que este goberno mantén co ensino público, no cal é evidente que non cree.

Por todo o acontecido é polo que propomos ó Sr.Alcalde o CESE INMEDIATO da Conselleira de Educación Rosa Ana Marcote pola súa incapacidade manifesta na área encomendada.

---

**SR.ALCALDE.-** E evidente que vamos a votar en contra da Urxencia porque a verdade é que é impresentable como tal.

---

**O SR.ALCALDE** procede a someter a votación a URXENCIA da devandita Moción, resultando: votos a favor, 2, BNG; votos en contra, 9 (8,PP, 1, CMN), abstencións, 5, PSOE. Polo cal rexeitase a urxencia da Moción presentada polo BNG.

---

**7.-ROGOS E PREGUNTAS.**

**ROGOS DO PSOE.- SR.LORES:**

1º.- No grupo municipal do PSOE sempre estivemos a favor de que se regulara o funcionamento das terrazas de Baiona. Hai agora xa unha iniciativa en Vigo, nós non queremos pedir exactamente a mesma, pero sí que por parte do equipo de goberno se estudie a posibilidade, excepcionalmente, dada a situación en que se atopa neste momento a hostalería e coa incorporación da nova Lei, de que se estudie a posibilidade de rebaixar o canon das terrazas



**EXCMO. CONCELLO  
DE  
BAIONA  
(PONTEVEDRA)**

este ano. Indudablemente isto conleva un maior compromiso dos empresarios das terrazas porque o que non pode ser, con ou sen rebaixa, é que se produza o abuso que estamos a sufrir nas terrazas e que ó día seguinte se recolla todo e ninguén barre nin limpa.

Entendemos que por un lado sería bó que por parte do Concello se procurase apoiar tanto á hostalería como ó comercio neste ano realmente difícil despois dun Ano Santo e coa crisis existente, con grandes problemas para poder rematar este ano. Estudiar a posibilidade de buscar algún tipo de rebaixa ou incentivo.

Insisto en que o grupo municipal sempre estivo a favor das terrazas pero tamén estivo sempre a favor do rigoroso control; creo que debemos tamén incidir en que tódolos responsables de ditas terrazas teñen que manter o decoro durante todo o día, cun mobiliario adecuado, e que cando recollan terá que quedar o espazo público totalmente limpo e en orde, cousa que a veces non se está dando.

**Polo tanto, por un lado PEDIMOS facilidades para os empresarios, dentro do posible, durante este ano.**

**Por outro lado EXISIRLES más rigor tanto no decoro da instalación como na recollida da terraza.**

---

**SR.ALCALDE.-** Estamos estudiando o tema; somos sensibles, pero tamén é certo que xa fai 2 anos que se conxelaron as taxas e ademais á hora do cobro somos moi flexibles. De todas formas entendemos a situación e a estamos estudiando para ver que posibilidades hai para dar incentivos, en xeral; nos gustaría; pero tamén é certo que temos que mirar os ingresos municipais para poder desenrolar os servizos públicos. Hai que buscar un equilibrio, pero en principio repito que xa son 2 anos os que leva conxelada a subida desta taxa concreta.

**PREGUNTAS DO BNG.**

**SR.FERNANDEZ.-** No Pleno anterior fixen a seguinte pregunta:

**- ¿Pensan reparar as pluviais do camiño de Pouquena que ultimamente se leva inundado, ou crear un novo río Pouquena en Sabarís?.**

**SR.ALCALDE.-** Estamos estudiando o problema concreto; segundo os din o problema é da canalización de pluviais en tódala zona, non só en Pouquena, o que pasa é que alí afecta moito máis. Veremos cos técnicos cal é a solución inmediata e cal a medio prazo, porque a solución definitiva será a medio prazo, non inmediata; pero se está estudiando.

---

**SR.FERNANDEZ, BNG.- PREGUNTAS Ó PLENO DE HOXE:**

**1º.- ¿EN QUÉ DATA FOI COMUNICADO Ó CONCELLO QUE A CALEFACIÓN DO COLEXIO DE FONTES NON FUNCIONABA?**

**SR.ALCALDE.-** Antes de contestarlle ás preguntas que ten no listado, dicirle que desde o primeiro momento que tivemos información pedimos desculpas á Comunidade educativa, nenos/as, profesores e pais, polas incomodidades que surxiron cun problema dunha avería que ocorre a veces (raras veces, pero desgraciadamente ocorre), e que, loxicamente debido ás datas se complicou esa reparación. Temos moi claro cal é sensibilidade que debemos ter nos temas educativos e as desculpas que temos que pedir por non poder facelo antes, por problemas fundamentalmente de loxística.



**EXCMO. CONCELLO  
DE  
BAIONA  
(PONTEVEDRA)**

**SRA.MARCOTE, PP (CONCELLEIRA DE EDUCACIÓN).**- El 5 de enero fué comunicado por la empresa SERVITEGA y el 11 de enero por la dirección del Centro.

**2º.- DENDE O DÍA QUE SE ENTEROU DA AVERÍA DA CALDEIRA, ¿QUÉ XESTIÓNS SE LEVARON A CABO?.**

**SRA.MARCOTE, PP.**- Contactar con varias empresas solicitando presupuestos y el estado de la aviría.

**3º.- SR.ALCALDE, ¿TEN VOSTEDE COÑECEMENTO DAS BAIXAS TEMPERATURAS ÁS QUE MESTRES E ALUMNOS/AS ESTIVERON EXPOSTOS NO COLEXIO DE FONTES?.**

**SR.ALCALDE.**- Nunha época de inverno, sen calefacción, as temperaturas non eran as mellores para dar clase, pero non eran incompatibles tampouco.

**4º.- ¿A QUÉN CORRESPONDE SEGÚN VOSTEDES A SUSTITUCIÓN OU REPARACIÓN DA CALDEIRA?.**

**SRA.MARCOTE, PP.**- A sustitución á Xunta de Galicia; o mantemento ó Concello.

**SR.FERNANDEZ, BNG.**- Ou sexa, que se pedirá o reembolso dos gastos.

**5.-¿QUÉ MEDIDAS TOMARON PARA MANTÉR A FUNCIONABILIDADE DO COLEXIO MENTRES NON SE CAMBIASE A CALDEIRA?.**

**SRA.MARCOTE, PP.**- Las medidas pertinentes; en ningún momento foron solicitadas por parte del Centro medidas de colaboración; al contrario; foron tomadas unilateralmente por su parte.

**6.-SR.ALCALDE, ¿CREE VOSTEDE QUE ACTUARON CORRECTAMENTE AS CONCELLEIRAS ANA SIMONS (MEMBRO DO CONSELLO ESCOLAR) E ROSA ANA MARCOTE, CONCELLEIRA DE EDUCACIÓN, NO CONFLICTO CREADO NO COLEXIO DE FONTES A RAIZ DO FALLO NA CALEFACCIÓN?.**

**SR.ALCALDE.**- Creo que tiveron unha gran actuación a pesar das dificultades que antes comentei, de razóns técnicas, insuperables por calquera e loxicamente tamén por elas. Soportaron insultos por parte dalgún membro da ANPA que dende logo non son de recibo. Aceptamos a crítica política, para iso estamos aquí, pero non aceptamos os insultos.

**7.- SR.ALCALDE, O PASADO LÚNS 31 DE XANEIRO, ¿SOLICITOU VOSTEDE NALGÚN INTRE QUE OS/AS MEMBROS DA GUARDIA CIVIL REQUERIRAN DA PRESIDENTA E VICEPRESIDENTA DA ANPA E DA DIRECTORA QUE SE TOPABAN NA PRAZA DO CONCELLO COS SEUS FILLOS-AS, QUE SE IDENTIFICARAN?.**

**SR.ALCALDE.**- Non.

**SR.FERNANDEZ.**- Saíu así reflexado na Radio Galega; dígalle ó Director da Radio Galega que controle ós seus informativos porque saíu así, tal cal: "A petición do Alcalde, as Forzas de Seguridade pediron a identificación de varias persoas".

**SR.ALCALDE.**- Mire, o Alcalde dun pobo ten moitas competencias (e menos diñeiro que competencias), pero dende logo mando sobre a Garda Civil non temos. O que pasa é que a Garda Civil ante concentracións actúa porque ten que velar pola seguridade das persoas, loxicamente, e isto saíu publicado en varios periódicos, que ía haber unha concentración aquí.



**EXCMO. CONCELLO  
DE  
BAIONA  
(PONTEVEDRA)**

**SR.FERNANDEZ.-** Entón queda contestada a pregunta seguinte: "**Si así foi, ¿con qué intención se fixo?**". Grazas, nada más.

---

E non tendo outros asuntos que tratar, o Sr.Alcalde levantou a sesión sendo as trece horas e corenta e cinco minutos do mesmo día, de todo lo cal como Secretaria, CERTIFICO.